

10/

- CAMINOS DE HOSPITALIDAD

Seguimos camiñando para existir unha sociedade de acollida e

INCLUSIÓN.

HOSPITALIDAD.ES

Por desgraza, a pandemia global pode agravar a situación vulnerable da poboación migrante e refuxiada, pero ao mesmo tempo, as institucións gobernamentais deben reforzar e ampliar os sistemas de protección e garantir o respecto dos dereitos humanos. **Expresamos 10 DEMANDAS** aos/ás representantes políticos europeos/as:

01 **PROTEXER** a poboación amoreada en campamentos e centros de detención da ameaza da COVID-19.

02 **DEFENDER** na UE que o novo marco regulatorio que conforma o chamado Pacto Europeo de Migración e Asilo teña por base unha auténtica solidariedade entre os países europeos e un compromiso cos Dereitos Humanos e os valores da Unión.

03 **GARANTIR** eficazmente o dereito a solicitar asilo na Unión Europea e o cumprimento dos dereitos humanos durante todo o proceso, tendo en conta de xeito especial as persoas que poidan estar en condicións de maior vulnerabilidade.

04 **PÓR FIN** a prácticas migratorias represivas, como a detención, o internamento e as devolucións sumarias de persoas migrantes, tanto en territorio como en fronteiras terrestres e marítimas.

05 **AMPLIAR** os sistemas de acollida para as persoas que chegan, así como para os solicitantes de protección internacional, garantindo prazos suficientes e condicións mínimas de dignidade.

06 **FLEXIBILIZAR** os requisitos e procedementos para a renovación e obtención de permisos de residencia e/ou traballo para combater a irregularidade que se produce e promover a inclusión social e a igualdade de oportunidades, especialmente no contexto posterior ao COVID-19.

07 **ESTABLECER** vías seguras e legais de acceso e estadía, e **IMPULSAR** procesos de reasentamento, visados humanitarios e reagrupamento familiar.

08 **PROMOVER** a integración como un proceso bidireccional que recoñeza e valore as riquezas das diferentes culturas, axudando a formar unha auténtica cidadanía global que sexa consciente das causas da migración forzada e do refuxio e que aposte pola solidariedade, os Dereitos Humanos e a construción dunha cultura da hospitalidade.

09 **SALVA VIDAS** de persoas que cruzan fronteiras e **DEFENDER** as organizacións humanitarias e persoas defensoras que loitan polos seus dereitos.

10 **REFORZAR** a Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, destinando o 0,7% da Renda Nacional Bruta á Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), o 10% da AOD á Axuda Humanitaria e o 6% desta á educación nestes contextos, para garantir o dereito a unha educación de calidade dos nenos, nenas e adolescentes refuxiados e migrantes en todos os países e circunstancias.

#Sumo0MeuCamiño